



**NOME:** IVÓN MARÍA VILA VILAR

**DNI:** .

**ACTIVIDADE PÚBLICA:** ADMINISTRATIVA, LABORAL, CON DESTINO NO ENTE PÚBLICO “PORTOS DE GALICIA” NA CORUÑA, DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DO MAR

**ACTIVIDADE PRIVADA:** AUTÓNOMA (GRUPO 861: PINTORES, ESCULTORES, ARTESÁNS, GRAVADORES E ARTISTAS SIMILARES), POR CONTA PROPIA, NA CORUÑA

**Visto** o expediente instruído como consecuencia da solicitude de recoñecemento de compatibilidade formulada nos termos arriba expresados, tramitado o mesmo de conformidade co artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e de acordo co informe favorable do ente público Portos de Galicia.

De acordo co certificado de retribucións obrante no expediente, o concepto equiparable ao complemento específico que percibe a interesada non supera o 30 % das súas retribucións básicas excluídos os trienios.

Esta Dirección Xeral da Función Pública, en uso da competencia delegada polo conselleiro de Facenda en virtude da Orde do 8 de xaneiro de 2020 (DOG nº 16, do 24/01/2020), no seu artigo 3.d), resolve **RECOÑECER** a compatibilidade solicitada, sempre que se cumpra co disposto nos artigos 1.3, 11.1 e 12 da Lei 53/84 do 26 de decembro.

O presente recoñecemento queda vinculado ao estrito cumprimento dos seus deberes e obrigas no desenvolvemento da súa actividade pública, en especial do seu horario, quedando sometido ás limitacións horarias impostas polo artigo 12.2 da Lei 53/84 no que á actividade privada se refire, isto é, non pode superar as 18 horas e media semanais, e queda supeditado o horario da actividade privada ao horario que desenvolve na súa actividade pública.

De acordo co artigo 12.1 da Lei 53/84, non pode desempeñar cargo ningún, nin posuír unha participación superior ao 10 por 100 do capital, en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministros, arrendatarias ou administradoras de monopolios ou con participación ou aval do sector público calquera que sexa a súa configuración xurídica.

Queda excluído do presente recoñecemento a realización de actividades que supoñan a percepción, directa ou indirectamente, pola solicitante, de remuneracións de calquera tipo procedentes de administracións públicas ou dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como de entidades ou empresas cuxos orzamentos se doten ordinariamente en





máis dun 50% con subvencións ou outros ingresos procedentes das administracións públicas, conforme ao disposto no artigo 1.2 da Lei 53/1984.

Esta concesión perderá toda validez no caso de que se modifiquen as circunstancias polas que se outorgou ou se vulnere o disposto no artigo 12 da Lei 53/84.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou, directamente, o recurso contencioso- administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, perante, a elección do demandante, o Xulgado do Contencioso- administrativo da circunscrición na que teña aquel o seu enderezo ou o de Santiago de Compostela, conforme aos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa.

José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

